



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 21.12.10.

ASISTENTES:

Presidente:

D. ANGEL LOPEZ SUEIRO.

CONCELLEIROS:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

DNA. JOSEFA FINA SECO VILAR.

D. FERNANDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ.

DNA. EVA MARIA FRAGA SANMARTIN.

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO.

D. JUAN PUENTES CALVO .

SECRETARIO:

D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás nove horas do día vinte e un de decembro de douce mil dez baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. ANGEL LOPEZ SUEIRO, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia D. Fernando Vilar Díaz.

1.- LECTURA E APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA EN DATA 24.11.10. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicitábase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e catro de novembro de douce mil dez.

Non se formulando ningún tipo alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aproba-la acta da sesión anterior.

2.- ALEGACIÓN FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR Ó ACORDO PROVISIONAL DE APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE E DAS ACOMETIDAS Á REDE MUNICIPAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA. ACORDO QUE PROCEDA.-

Dase conta polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, do texto da alegación presentada que copiada literalmente di: "D. José Seco Fernández, con DNI nº 32.624 246 B, con domicilio en As Neves 87 C.P. 15613 A Capela, como voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de A Capela.

EXPÓN QUE:

1º) No pasado Pleno extraordinario de 05-11-2010, quedaron aprobadas inicialmente polo pleno as taxas para o subministro de auga potable.

2º) No transcurso da celebración da sesión, por parte do voceiro do PP neste concello faise advertencia de que se tiñan presentado enmendas por escrito e que non se tiveran en conta.

3º) Na previsión de gastos, na que concretamente se fai referencia a 18.000 €, que corresponderían na súa totalidade a "asesoramento". Tamén no Pleno do 05-11-2010, se advierte de que parece excesivo e se fagan outro tipo de consultas, cando menos.

4º) Propónse por parte do PP que o "asunto quede sobre a mesa", xa que hai aspectos, sobre o prezo das taxas que non están claros.

5º) O argumento, exposto polo equipo de goberno, de baixar 8.000 € en mantemento parece incongruente e irresponsable, xa que se quitan cartos de donde é preciso, para o bo funcionamento da instalación. Sendo o asesoramento algo superfluo, en todo caso serían puntual en moi limitadas ocasións, más tendo en conta que dende os equipos técnicos dos que o Concello xa conta (Secretaría - Intervención e Arquitecto Municipal), serían xa suficientes nun porcentaxe cercano o 100% de posibles consultas técnicas.

6º) Que sometido a exposición pública e, en base ó artigo 212.3 do R.D.L. 2/2004 e forma e plazo presento a seguintes

ALEGACIÓNS:

1º.-Que dende o PP de A Capela a "ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, E DAS ACOMETIDAS Á REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA" entendemos que está mal fundamentada na valoración estimada de custos polo que SOLICITAMOS:

a.- Que se revise, sobre todo, o apartado referido a "Persoal e Asesoramento", en donde se estima unha cantidade de 18.000€.

b.- Que se faga unha valoración da Ordenanza similar a outros Concellos de parecidas características o noso.

Que tendo por presentado este escrito se sirva admitilo e na súa virtude, se teña por presentadas en tempo e forma esta ALEGACIÓN."

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que máis que unha alegación é unha invitación á reflexión por parte do equipo de governo, xa que a Ordenanza Fiscal prevé unhas taxas excesivamente caras; no que atinxe á consultoría e asesoramento manifesta que no expediente somentes veu unha única oferta presentada e que cando se fixo a primeira baixa nas tarifas foi con cargo ó mantemento, que é precisamente a partida que hai que salvagardar, xa que o asesoramento está garantido polo secretario - interventor e polo arquitecto municipal; polo que atinxe á formación de persoal dí que se deben formar a lo menos dúas persoas e que este é un tema esencial. Remata a súa primeira intervención pedíndolle ó equipo de governo que debe rectificar para adecuar as tarifas aínda admitindo que teñan que ser máis caras que noutros concellos, pero de ningunha maneira tres ou catro veces máis caras; ademáis os 18.000€ previstos para asesoramento e consultoría son unha auténtica salvaxada, e sendo o abastecemento de auga un servizo básico o concello debe financiar parte do mesmo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente para manifestar que non hai somentes unha oferta, senón que se pediron tres, a distintas empresas e que o mantemento se lle vai adxudicar á oferta máis barata que presentou a empresa que fixo a planta, e dicir Tesagua, por un prezo de aproximadamente 11.000€.

Suliña que o Grupo de Goberno ten a reflexión feita sobre este asunto hai moito tempo e que non existe outro concello de similares características que conte con unha ETAP tan moderna coma a da Capela, ademáis os servizo vai a

ser optativo non obligatorio para os veciños e polo tanto vanse manter as tarifas fixadas na taxa e a ordenanza non se modificará.

Polo voceiro do Grupo Mixto- BNG, D. Juan Puentes Calvo, reitera que o mantemento se lle dará á oferta máis barata como xa manifestou o Sr. Alcalde-Presidente, que no asesoramento técnico o secretario - interventor e o arquitecto é evidente que non teñen a formación específica para tal cometido, menciona ademáis que a día de hoxe, xa existen uns datos más ou menos fiables que din que o servizo pódese iniciar con aproximadamente 70 usuarios, que se poderán ampliar cando se execute o proxecto de ampliación das redes ós lugares de Vilarón, Os Covos, Gunxel e o Pazo, podendo chegar entón ós 150 usuarios, entende D. Juan Puentes Calvo, que o custo perfeito sería dar o servizo gratuito, pero aínda así coas tarifas establecidas na presente ordenanza o déficit na prestación do servizo pode acadar os 15./18.000 € o primeiro ano.

Polo voceiro en funcións do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que a postura do seu grupo xa quedou clara no derradeiro pleno e que as tarifas previstas na correspondente ordenanza fiscal son moi caras para un servizo que se debe de considerar como básico.

De novo toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para reiterar que as tarifas previstas na taxa son supercaras e que no expediente somentes veu un orzamento, de adxudicarse o mantemento máis barato, as taxas previstas na ordenanza estarían mal fundamentadas, xa que non se modifigan á baixa as tarifas. Por outra banda fala que o problema que existe coa depuradora de Sande aínda non está solucionado e que o seu Grupo Municipal non vai permitir que se colla un só litro de auga, mentres a depuradora esté vertendo ó río Beelle. Do mesmo xeito suliña que polo que respecta ó abastecemento do Colexio tampouco se fixo nada por parte do equipo de goberno.

Remata a súa intervención manifestando asimesmo que o persoal xa debería estar formado antes do trinta e un de decembro deste ano.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dise que é evidente que non vai sair ningún litro de auga da ETAP, sin que sexa apta para o consumo humano, e polo tanto a calidade da auga que irá á rede de abastecemento será optima e en todo caso contará co beneplácito de sanidade. Polo que respecta á formación do persoal di que na actualidade estase formando a unha persoa, pero esta formación pode estenderse a máis persoas.

Remata a súa intervención mantendo que o Colexio Público vai ser o primeiro que reciba a auga da rede de abastecemento.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que o problema que ten o concello para a rebaixa das taxas e que o número de usuarios á data de hoxe é menor ó previsto, e reitera que coas tarifas previstas na ordenanza fiscal o déficit orzamentario pode chegar ata os 18.000€. Polo que atinxe á depuradora de Sande, manifesta que o arranxo da mesma ten unha complexidade importante.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, remata o debate deste asunto manifestando que o abastecemento de auga é un servizo básico e que o concello debe establecer unhas tarifas atractivas para os posibles usuarios e veciños. Sinala asimesmo con respecto á depuradora de Sande que o Concello debía de ter programadas as reformas previstas coa antelación suficiente e propón que a alegación presentada agora está máis fundamentada que nunca, xa que si se rebaixa o prezo que o concello vai a pagar polo mantemento, esta baixa debe reflexarse correlativamente nunhas tarifas más baratas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por maioría de votos (2 votos a favor da aprobación da alegación dos concelleiros/a do Grupo Municipal do Partido Popular, 5 votos en contra dos Sres/Sra. concelleiros/a dos Grupos Municipais P S de G - PSOE e Mixto - BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Municipal de Terra Galega presente), rexeita a alegación formulada polo Grupo Municipal do Partido Popular a aprobación provisional da ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do Servizo de subministro domiciliario de auga potable e das acometidas á rede municipal de abastecemento de auga, elevando o acordo provisional de aprobación a definitivo.

3.- DATOS NUMÉRICOS PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES REFERIDOS A 01.01.2010. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.-

Dase conta polo secretario da Corporación das cifras numéricas correspondentes ó padrón municipal de habitantes referido ó 01.01.2010, e que son as seguintes:

CONCEPTOS	TOTAL	HOMES	MULLERES
Poboación de dereito a 01.01.2009	1.422	711	711
Altas dende 01.01.2009 ata 01.01.2010	49	23	26
Baixas dende 01.01.2009 ata 01.01.2010	72	34	38

Variacións por erro no sexo			
Altas	1	1	0
Baixas	1	0	1
Poboación de dereito a 01.01.2010	1399	699	700

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, expresase a preocupación polos datos negativos que supón a baixa continúa de poboación, que ven acentuándose dende o exercicio 2004, polo que manifesta que hai solucións para frenar esta baixa e que consiste en facer un concello atractivo, manifestando que moitas das propostas que fixo o Partido Popular, iban nese sentido áinda que foron rexeitadas.


O Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Único.- Aprobar as cifras numéricas correspondentes ó padron municipal de habitantes, referidas ó 01.01.2010.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as nove horas cincuenta e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Asdo. Ángel López Sueiro.



O Secretario,

Asdo. José A. Meizoso Paz.

